



## **1. ANTECEDENTES**

O ano pasado deu comezo un programa de promoción do Grao en Enxeñería Forestal da Universidade de Vigo, sendo responsable de dito programa Jorge Juan Gil Pazos.

O traballo consistiu en analizar os potenciais perfís de ingreso, establecer contacto cos responsables dos centros escollidos, avaliar as necesidades, e ter acceso o alumnado difundindo o coñecemento da nosa titulación.

Este curso encargouse a continuación do programa pero diferentes circunstancias impediron que o responsable anterior fixérase cargo directamente das actividades de promoción, pasando a ter unha tarefa de apoio e asesoramento, delegando os traballos de campo e redacción a David Pérez Díaz.

A diferenza da anterior edición, contouse coa notable mellora do material promocional elaborado por Luís Torres responsable do Gabinete Técnico.

O esquema de traballo é o mesmo que o levado a cabo con anterioridade, retomando os contactos xa dispoñibles, actualizando e ampliando no seu caso, a información dos centros e ter contacto directo co alumnado grazas a iniciar as visitas con anterioridade.

Na parte final deste informe atópanse os resultados, conclusións e recomendacións xurdidas.

## **2. AMPLIACIÓN DOS CICLOS FORMATIVOS MÁIS AFÍNS**

Despois da análise das vías de acceso a titulación de Grao en Enxeñería Forestal no presente curso, optouse por ampliar a promoción noutros Ciclos Formativos xa que, ademais dos pertencentes a familia Agraria e da Carpintería e Moble que foron obxecto de accións no informe do pasado ano, os estudos relacionados coa Edificación e Obra Civil, supuxeron un considerable incremento na matrícula actual.

**Estrato das vías de acceso o Grao Enxeñería Forestal, curso 2012-2013**

<b>VIAS DE ACCESO O GRAO FORESTAL</b>	<b>Nº ALUMNOS</b>	<b>% TOTAL</b>
Actividades Agrarias: Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias	8	21.05
Edificación e Obra Civil: Desenvolvemento de Proxectos Urbanísicos e Operacións Topográficas	3	7.89
Edificación e Obra Civil: Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción	1	2.63
Fabricación mecánica: Programación da produción en fabricación mecánica	1	2.63
Actividades Físicas e Deportivas: Animación de Actividades Físicas e Deportivas	3	7.89
Bacharelato	22	57.89
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>100.00</b>

### **3. ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO NOS CENTROS**

#### **3.1. Difusión**

- Entregáronse os dípticos de información a cada un dos alumnos presentes durante as charlas sobre a titulación.
- Colocáronse os carteis promocionais nos taboleiros de anuncios dos centros e entregáronse copias adicionais a orientadores e xefes de departamento.
- Elaborouse unha Guía da Titulación que foi entregada os Xefes de Departamento, Profesores e Orientadores dos centros, para que dispoñan dunha información máis precisa sobre o perfil de ingreso, o plan de estudos, convalidacións e saídas profesionais.
- Mantivéronse conversas cos profesores e orientadores nos centros que dispoñían dos mesmos, informándolles das principais cuestións relacionados co acceso a titulación e as vantaxes que supoñen os estudos universitarios.
- En todo momento fíxose fincapé nos esforzos e investimentos levados a cabo pola Escola de Enxeñería Forestal na mellora das instalacións, e na adquisición de novos equipos.

#### **3.2. Propostas de colaboración**

Mantívose a mesma liña de entrevistas iniciadas o ano pasado con xefes de departamento, profesores e orientadores, constatando o seu interese polas preferencias e necesidades xa detectadas con anterioridade.

Das propostas xa coñecidas, as que mais se remarcarón son as seguintes:

- \* Xornadas de portas abertas.
- \* Realización de charlas temáticas de cara o alumnado
- \* Formación do profesorado.

Cabe suliñar o interese na proposta das Xornadas de Portas Abertas que ademais de reunir nun só acto a unha grande cantidade de potenciais candidatos, amosándolle de primeira man as instalacións e equipamento da Escola de Enxeñería, suporía para o centro converterse nun punto de referencia no sector Forestal.

O deseño destas xornadas atópanse no **PROGRAMA DE VISITAS A ESCOLA DE ENXEÑERÍA FORESTAL**, no que se establecen as principais directrices a seguir de cara a organización e o desenrolo de futuras visitas a escola. O devandito programa xa é coñecido pola dirección desta Escola, e engádese o presente informe como documento anexo.

Outro gran tema de interese, amplamente demandado polos docentes é súa formación que entenden debe ser aportada pola universidade dada a súa especialización.

O longo deste informe atópanse as accións propostas para o desenrolo desta proposta.

### **3.3. Recollida de información**

A partires dos formatos de recopilación de datos creados no informe anterior, en relación co centro, o profesorado e o alumnado, actualizouse a información dispoñible co fin de poder elaborar unha serie estatística que permita a súa análise.

No caso das enquisas do alumnado reduciuse o número de preguntas para facer máis doado o seu cumprimento por parte dos enquisados.

## **4. VISITAS OS CENTROS.**

Contactouse cos responsables das áreas de interese de cada centro, cos cales xa se viña desenrolando un contacto telefónico e por correo electrónico, programando unha visita na que se mantiñan entrevistas, conversas e charlas para difundir o coñecemento da Escola de Enxeñería Forestal entre os docentes e orientadores.

Nesta ocasión tívose acceso os alumnos, que aínda non iniciaran as prácticas en empresa, podendo ofrecerlles de primeira man unha exposición das vantaxes dos estudos superiores en Enxeñería Forestal informándolles polo miúdo do sistema de acceso, o programa de convalidacións, o plan de estudos actual, os programas de intercambio con outras universidades, as instalacións e as dotacións dispoñibles na Escola de Enxeñería Forestal.

Grazas a experiencia adquirida na edición anterior e o asesoramento de Joge J. Gil Pazos, elaboráronse estratexias diferentes de cara a difusión e promoción dos estudos de Grao en Enxeñería Forestal nas distintas familias profesionais que son obxeto das accións.

Así pois nos centros relacionados ca produción de madeira e moble seguíronse criterios de carácter tecnolóxico para dar a coñecer a Titulación, tal e coma o emprego de software avanzado no eido da programación e manexo de maquinaria de control numérico.

Nos centros de carácter forestal sulíñabase a importancia da Xestión Forestal e Medioambiental en tódolos aspectos que a compoñen e a importancia das novas tecnoloxías aplicadas os Sistemas de Información Xeográfica.

No aspecto relacionado cas saídas profesionais, explicáronse -por detectarse un gran descoñecemento- aquelas áreas de traballo as que teñen acceso os profesionais da Titulación en Grao de Enxeñería Forestal.

#### **4.1. Listaxe de centros**

Mantivéronse os principais criterios de elección de centros, as visitas continuaron orientadas os centros que dispoñen de Grado Superior, por confirmarse unha maior predisposición do alumnado de cara a oferta universitaria.

Descartáronse os centros que só dispoñían de ciclos formativos de grao medio. Pola contra ampliáronse as visitas os Centros Formativos con Ciclos Superiores en Construción e Obra Civil.

En base a estes criterios, elaborouse unha nova listaxe de centros.

**Na seguinte táboa aparecen os centros que foron visitados.**

<b>Concello</b>	<b>Centro</b>	<b>Ciclo Formativo</b>
Pontevedra	CEFEA Lourizán	Xest. Org. Recursos Naturais e Paixaxísticos
A Coruña	CIFP Someso	Producción de carpintaría e moble
Ponteareas	CIFP A Granxa	Xest. Org. Recursos Naturais e Paixaxísticos
Pontevedra	IES Torrente Ballester	Construcción e obra civil
Vigo	CIFP Valentín Paz	Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble
Santiago	CIFP Santiago	Producción de carpintaría e moble
Boqueixón	CFEA Sergude	Xestión e Organización de empresas agropecuarias
Santiago	IES Fontiñas	Construcción e obra civil
Xinzo de Limia	IES Cidade de Antioquia	Xest. Org. Recursos Naturais e Paixaxísticos
Arzúa	IES Arzúa	Xest. Org. Recursos Naturais e Paixaxísticos

